

AS MELLORES FAMILIAS

A infancia fora como a maioría das infancias: aburrida e esvaradía. Prefería esquecela. A adolescencia non o salvara das esquinas da casa familiar, pero adquirira a textura dunha pasta branca e graxenta. A adolescencia tiña o tacto da acne e da suor. A adolescencia era un golpe seco. A adolescencia era un labirinto de ficcións inverosímiles. A adolescencia, desde logo, non era xa verás cando sexas máis maior lembrarás estes anos con nostalgia. Mais ao facer os dezasete foi moito peor aínda, porque se decatou de todo e comezou a fraguar dentro del unha rabia tan estraña que en ocasións semellaba allea. Apareceron as causas, os culpables, e podía sinalalos co dedo índice. Iso era perigoso. Podía evocar o tedio dos domingos pola tarde, e se se concentraba o bastante era capaz de sentir nova mente as marcas fervendo dos dedos de seu pai inscritos nas súas coxas. Sen dúbida prefería as marcas. Se lle daban a escoller, quedaba cos berros de mamá alén da casa antes que co fastío e o silencio. A espera era moito peor ca os berros, os días que o pai non lle pegaba teimaba continuamente en cando sería a próxima vez, a quen sería, se lle tocaría a el daquela. Cando ouvía os berros e os portazos, e sobre todo as zancadas do pai pola escaleira, marchando da casa, sabía que chegaba a paz un tempo, que tocaba abrazar a mamá e escoitar as súas promesas de que todo ía cambiar, esta vez si, e logo as desculpas de papá, os choros de papá, os rogos de papá algunhas veces, saían a cear fóra como recompensa e el e os seus irmáns abrazaban a paz para que as camareiras pensasen que eran unha familia normal. Iso consolábaos. Porque nada cambiaba nunca, pero el sabía que se despois dos berros, e o silencio chegaban uns poucos saloucos acalados virían algúns días mellores. Así que moito tempo tivo medo do que ocorreu aquel día. El, refuxiado baixo a mesa da cociña, agora tremendo, agora rezando para non ouvir nada, agora tremendo outra vez mentres soaban alaridos que xa non eran quixas senón rachóns en voz alta. Soaban tamén os insultos do pai que eran pastosos, os seus lapotes torpes rebotando nas paredes. Estará bébedo, pensou el, e tremeu de novo. Mirou as portas abertas do balcón e sopesou precipitarse ao chan, doce pisos máis baixo, da rúa. Pero os berros de mamá deixaban de sentirse, e non chegaban os choros, a respiración entrecortada. Chegaban só os pasos do pai polo corredor ata a cociña, ata o balcón. E el lembrou entón que sabía sinalalo co dedo e cos brazos e con todas as súas forzas. E non contaba conque todo resultase tan sinxelo, conque a varanda do balcón cedese tan rápido para axudarlle un pouco e con que o pai perdesse tan rapidamente o equilibrio. Ouviu o impacto. Cando era pequeno el máis seus irmáns xogaban a cuspir desde a xanela e o ruído da súa saliva ao chocar contra o cemento da beirarrúa impresionábaos. Aquel ruído era distinto. Era sólido e espallado a un tempo, algunha freada dos coches, as palabras dos transeúntes que, asustados, chamaban unha ambulancia ou berraban asustados. Quizais as cousas cambiaran por fin. Pero non se ouvían sinais de mamá, saloucos, movementos, e el tiña medo de correr a alén da casa. Quizais as cousas cambiaran demasiado tarde.

BERTA DÁVILA, *A arte do fracaso*. Barbantesa, Cangas. 2010.